


POETAS DA COLECCIÓN SALNÉS, AS



VARIAS

SYNOPSIS

Coa celebración do seu 75 aniversario, Editorial Galaxia recupera o espírito innovador que demostrou nas súas publicacións dende 1950 traendo aos lectores e lectoras do século XXI moitas destas obras que supuxeron unha renovación do mundo cultural galego e, por extensión, tamén da súa sociedade. Esta colección conmemorativa ábrese co presente volume: As poetras da colección Salnés. En 1961 a editorial crea unha colección de poesía en lingua galega, a colección Salnés. Nela publicarán as poetras escolmadas pola profesora Patricia Arias Chachero, responsable tamén do limiar. Todas de procedencias e estilos moi variados, son, María do Carme Kruckenberg, que asina *Canaval de ouro* en 1962; Pura Vázquez, en 1963 con *A saudade i outros poemas*; e María Manuela Couto Viana e Anne Marie Morris, dúas poetras alófonas, autoras de *Fruta lonxana* (1964) e *Voz fuxitiva* (1965), respectivamente. A elas cómpre sumar Xohana Torres, que se inclúe nesta antoloxía porque é a primeira muller en publicar en Galaxia e porque tivo intención de publicar en Salnés, malia non facelo. Cómpre ler os poemas desta escolma tendo moi presente o contexto en que foron pensados, escritos e publicados. Apareceron nunha sociedade fortemente patriarcal onde o discurso católico tradicional definía e condicionaba o sentir e o actuar das mulleres. Só así poderemos valorar a modernidade e importancia do seu traballo. Foron as primeiras, as que romperon barreiras e superaron prexuízos, as que abriron as portas para todas as que vimos detrás. Fixérono cravando a vista nos poucos referentes femininos de que dispuñan, con sororidade, apoiándose unhas nas outras....



Editorial	EDITORIAL GALAXIA S.A.
Subject	POESÍA
Collection	BIBLIOTECA 75 ANOS
EAN	9788411763813
Status	Dispoñible
Binding	Tapa blanda
Pages	120
Size	220x150x0 mm.
Price (Tax inc.)	18,50€
Release date	06/03/2025

Related Titles
